PÆgina 7:PÆgina 3.qxd 18/12/2006 20:15 PÆgina 1



# AGUA = EMPLEO = FUTURO parte XXII




**Curva de capacidades del embalse de A Ribeira**
**Embalsado a 30 de noviembre 2006 , 31,4 Hm3**

En los gráficos se muestra la reserva de agua en A Ribeira a día 30 de noviembre de 2006. A lo largo del mes de este mes se han recogido 308 litros de agua de lluvia por m2 cuadrado en la estación metereológica más cercana a la cuenca alta del río Eume

## ADEGA presenta unha alternativa para salvar o Círculo Lítico da Mourela

*O proxecto contempla a construcción dun túnel para que a autovía Ferrol-Vilalba discorra baixo o monumento*



9 de decembro de 2006. ADEGA e a Plataforma pola Defensa do Patrimonio de As Pontes veñen de presentarlle á Xunta un proxecto para a construcción dun túnel na autovía Ferrol-Vilalba que evitaría a destrucción do Círculo Lítico da Mourela, un conxunto megalítico único en Galiza. A D. X. de Patrimonio xa amosou o seu apoio a esta alternativa, viábel técnica e económicamente. Só falla que a D. X. de Obras Públicas amose a mesma sensibilidade na conservación da nosa herdanza cultural. As obras da autovía Ferrol-Vilalba están arestora paradas á altura do polígono industrial dos Airíos (As Pontes) á espera de que Patrimonio remate as prospeccións arqueolóxicas na zona. Sería lamentábel que, unha vez máis, a conservación da nosa herdanza cultural ficara nun segundo plano, e que os servizos arqueolóxicos da Xunta tiveran que limitarse a levantar acta da desfeita, facendo de forenses dun patrimonio sacrificado a maior gloria das infraestruturas.

O proxecto desta obra, que data do ano 2000, non considerou como se merecía o excepcional valor deste xacemento, único en Galiza e "descoberto" por Federico Maciñeira a principios do século XX. No estudo de impacto, redúcense considerábelmente os perímetros de protección, considerando só de xeito illado algunhas das mámoas da necrópole e ignorando o círculo lítico que se dá por desaparecido. O trazado da autovía proxéctase pois sobre este elemento, a pesares de figurar nas normas subsidiarias da provincia da Coruña e estar catalogado polo Concello de As Pontes. Alén disto, o polígono industrial anexo (os Airíos) acabou por destruir no seu momento (1996) parte do conxunto, incluíndo outro círculo lítico máis pequeno e algunhas mámoas situadas ao nordeste do monumento maior. Arestora, este importantísimo conxunto megalítico é só a sombra do que foi no pasado, e dos dous círculos líticos (ou cromlechs), monumentos moi raros en Galiza, é certo que pouco queda xa. Pero trátase das nosas pedras e da herdanza dos devanceiros á que non podemos nen debemos renunciar.

Por iso, dende ADEGA e a Plataforma pola Defensa do Patrimonio das Pontes coidamos que cómpre facer todo o posíbel para conservar este monumento. E persuadidos disto, vimos de presentar á administración un proxecto para evitar a consumación da desfeita. Trátase dun túnel que, aproveitando os desmontes xa feitos, pasaría baixo o conxunto megalítico. Esta obra é técnica e económicamente viábel (non supera a marxe legal de incremento do orzamento) e conta co visto bó da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que nun primeiro momento xa expuxera unha alternativa similar á CPTOP. A decisión está, xa que logo, nas mans da CPTOP. ADEGA e a Plataforma coidamos que sería un erro imperdonábel non considerar sequera esta alternativa. É obriga das administracións tentar harmonizar a conservación do noso patrimonio (natural, cultural, arqueolóxico...) co desenvolvemento económico e social. Niso consiste o desenvolvemento sustentábel. O contrario suporía perpetuar as políticas depredadoras e insolidarias das que en Galiza en xeral e nas Pontes en particular xa tivemos dabondo.

**ADEGA.**

## Delirium Tremens



Bien. Empecemos por dónde hay que empezar."Delirium Tremens" no es el nombre de ninguna cerveza. Es una enfermedad muy grave producida por el abuso del alcohol, que puede llevar al que la padezca a la más terrible de las locuras y en peor de los casos, incluso hasta la muerte. Especialistas en publicidad, enmarcados en equivocadas, engañosas y porqué no, alevosas técnicas de marketing, creen dar con un nombre perfecto. (y vendible) de una cerveza que posiblemente.(al menos es su intención). incrementará las ventas de alguna multinacional sin ningún tipo de escrúpulos. Y lo hacen si el más mínimo respeto. Respeto a quién por desgracia ya padece esa enfermedad, y que de ningún modo le gustaría verla reflejada en ningún botellín de bebida, y menos en este caso, de una bebida alcohólica. Y con un mal gusto sin límites. Es como si una marca de cigarrillos, llevara el nombre de "Cáncer de pulmón",o unos preservativos el nombre de Sida. Quizás en estos casos, el resultado sería negativo: la gente parece estar más concienciada con estas enfermedades que con el alcohol. Y seguramente esos nombres serían un freno para su consumo.

Pero en el caso del alcohol, la cosa cambia. No hay conciencia de que el alcoholísmo sea una enfermedad. Incluso más grave que las anteriormente mencionadas, que provocan bastantes más muertes que las dos juntas. Sin embargo, las campañas de información y prevención, (sobre todo del sida), son tan intensas y repetitivas, (cosa por cierto loable), que ayudan a tomar conciencia sobre las mismas.¿Porqué no se hace lo mismo con el alcohol?, "Con la Iglesia hemos topado, Sancho".Porque los intereses económicos son tan grandes, que no conviene para la estabilidad económica. Hay todo un imperio montado sobre la DROGA LEGAL, muy difícil de desmontar. Pero, aún admitiendo esto, informen y prevengan de las consecuencias nefastas de su uso y abuso. Con el tabaco ya se ha empezado:"LAS AUTORIDADES SANITARIAS ADVIERTEN QUE EL TABACO PERJUDICA SERIAMENTE SU SALUD". Pero hasta la fecha, ninguna etiqueta de bebidas alcohólicas lleva esa leyenda. Y no sólo eso, sinó que toleran que a algún "genio" se le ocurra poner "Delirium Tremens" a una marca de cerveza.

Cuando el clamor popular es lo suficiente grande, puede desbaratar campañas publicitarias. Es el caso de una conocida marca deportiva, que con motivo del mundial de fútbol, elaboró unos carteles de propaganda, que por su similitud con otra diseñada por Hitler en la Francia ocupada durante la segunda guerra mundial, ha hecho que sean retirados.

Pero si no se puede conseguirse esto último, al menos queremos informar: "SEÑORES BEBEDORES, DELIRIUM TREMENS ES UNA EMFERMEDAD MUY GRAVE PRODUCIDA POR EL ABUSO DEL ALCOHOL". Por si hubiera alguien que no lo sabe.

**Asociación de Alcoholicos "ADIANTE"**